

UN NOVO INTENTO DE CLASIFICACIÓN DAS INTERFERENCIAS DO CASTELÁN SOBRE O GALEGO, COA PERSPECTIVA DO ENSINO PRIMARIO E SECUNDARIO Ó FONDO

Carme Silva Domínguez¹
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introdución

O obxectivo do presente traballo é o de presentar unha serie de reflexións, tiradas tanto da práctica docente como de diversas lecturas, acerca dun tema non por amplamente debatido menos suxeito a controversia: o fenómeno das interferencias² do castelán sobre o galego, e o seu tratamento didáctico nas aulas dos niveis obrigatorios do ensino. En primeiro lugar, parece claro que, dependendo dos obxectivos que se propoñan para a área de lingua, a análise deste fenómeno lingüístico terá maior ou menor peso no traballo da aula. Como veremos, as pautas marcadas polas administracións públicas nos documentos oficiais deberían implicar, xa na actualidade, unha asunción do fenómeno como elemento definidor da situación de convivencia lingüística que vivimos, un traballo sobre o mesmo e un intento de reconducir o seu desenvolvemento coa finalidade de alcanzar a *competencia comunicativa* (Hymes, 1971) nos dous códigos que ó remate do ciclo educativo obrigatorio se pretende para todos os alumnos.

Como se pode deducir da descrición previa, as pretensións teóricas do traballo son moi escasas. Búscase máis ben proporcionar algúns apuntamentos acerca dos distintos marcos teóricos que poden ser máis útiles, como complemento ó actual, para a análise das circunstancias reais de convivencia e contacto entre as dúas linguas.

¹ Facultade de Humanidades, Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario, 27002 Lugo (Galicia-Spain); teléfono de contacto: 982-223325, extensión 24047; E-mail: csilva@correo.lugo.usc.es

² O termo é un *omnibus* da sociolingüística, tan amplo no seu significado que resulta, por veces, escasamente operativo. A definición de Weinreich (1979: 1) é como segue: “Those instances of deviation from the norms of either language which occur in the speech of bilinguals as a result of their familiarity with more than one language, i.e. as a result of language contact, will be referred to as INTERFERENCE phenomena”. Na mesma liña, e máis sucintamente, propón a súa definición Baetens Beardsmore (1991: 43): “these features which distinguish the speech of a bilingual from that of a monoglot”. Para o caso do galego, consideramos que o maior problema de calquera destas dúas definicións podería ser o de consensuar cáles son as normas de referencia características do monolingüe e que dan a pauta para detectar desviacións con respecto a elas. A efectos prácticos, designaremos nesta etapa inicial do noso traballo co termo *interferencia* todo elemento que a bibliografía de lingüística galega nalgún momento considerou como tal, desde os máis indiscutibles préstamos léxicos ata debatidos fenómenos sintácticos comúns a ámbalas linguas, segundo algúns, debido a un proceso de secular convivencia que puido desencadear unha *converxencia gramatical* (Silva-Corvalán, 1989: 186-190) entre os dous sistemas.

2. O traballo escolar tradicional na clase de lingua galega

Aínda que falar de tradición poida resultar sorpresivo, dado o recente da presenza do galego no ensino, coidamos que o substantivo non se emprega incorrectamente, pois si existe un modelo de aula de lingua bastante estable nos seus parámetros básicos e caracterizado por unha finalidade clara, practicamente exclusiva: a capacitación do alumno para o manexo –fundamentalmente escrito– da variedade estándar do galego. Nalgúns casos, os rapaces chegan ás aulas cunha competencia suficiente para construíren mensaxes semellantes ás dos adultos do seu contorno, mensaxes que presentan moitas eivas se se xulgan en función da súa proximidade ó chamado *galego común*. Noutras moitas situacións, o profesor ten que conformarse, sobre todo no nivel limiar, con partir para o seu traballo dun coñecemento lingüístico que permite ó alumno decodificar mensaxes en galego, pero non producilas, ou polo menos facelo de xeito deficiente.

En calquera caso, as clases concíbense como un proceso de depuración da lingua do alumno para aproximala cada vez máis á variedade estándar, no que esta se vai desprendendo daqueles elementos espurios que a caracterizan nas primeiras tentativas escolares. É evidente que o rexistro lingüístico así adquirido presenta unha funcionalidade reducida para o alumno, dado que compite, en desvantaxe polo xeral, co mesmo rexistro do castelán, e que se amosa pouco operativo para todas as outras finalidades atribuíbles á lingua, como por exemplo a oralidade espontánea da conversa cotiá. No mellor dos casos, pois, os escolares adquiren destrezas ortográficas máis ou menos notables, pero non son formados no coñecemento da lingua oral, que xeralmente conseguen por vías alternativas á escola, como a familia, o contorno social e os medios de comunicación, ou ben non conseguen en absoluto.

O punto de partida do traballo co estándar, no caso das aulas de lingua galega, é a escasa operatividade dos posibles coñecementos que previamente o alumno posúe acerca do resto das variedades da lingua para a consolidación da súa habilidade sobre este rexistro. Ensinamos máis ben *contra* a posible competencia lingüística previa, e adoitamos crear no alumno unha impresión de inseguridade, de dúbida acerca da súa sabedoría lingüística, unha desconfianza profunda, en suma, diante de todos aqueles elementos de lingua que non son adquiridos por vía dunha aprendizaxe escolar regulada.

A posible presenza de interferencias do castelán nunha competencia lingüística do galego adquirida previamente á aprendizaxe escolar aparece como un dos principais elementos creadores de inseguridade lingüística. En moitos casos, especialmente cando o alumno xa tomou contacto e tivo certos problemas con características da súa competencia previa que se revelaron erróneas, asistimos a constantes preguntas acerca da lexitimidade ou

ilexítimidade de determinada grafía para unha palabra, da validez dunha estrutura ou doutra, etc. Tampouco non resulta estraño escoitar cómo os nosos alumnos observan, por veces en ton admirativo, a distancia entre o que eles consideraban verdades asentadas do seu saber e as correccións que sobre as mesmas se realizan na clase. Tales actitudes tenden a producirse xeralmente en falantes con boa competencia oral na lingua e que empregan esta como medio de comunicación normal –ou posible– na conversa informal. As observacións do profesor xeralmente consolidan a imaxe dunha distancia notoria entre a variedade estándar e outros rexistros lingüísticos que os falantes cualificarían como máis “reais” pero menos “correctos”³.

Nesta necesidade de transmisión dun modelo estándar depurado e distanciado da oralidade, as interferencias, denominadas máis xeralmente castelanismos, presentan a mesma consideración que moitos outros elementos proscribibles, como os vulgarismos, os dialectalismos, os hipergaleguismos, os arcaísmos, etc, e esta visión é coherente na perspectiva dun ensino de linguas reducido á competencia no estándar, por dúas razóns. En primeiro lugar, todos estes elementos poden ser incluídos no cualificativo común de desviacións, “pecados” da lingua⁴, trazos que definen un texto como incorrectamente elaborado. Ademais, aínda que tales fenómenos son claramente diversos, en boa medida teñen unha razón de ser común: a presenza do castelán na mente do falante á hora de emitir a súa mensaxe en galego, ben como sistema cara ó que inconscientemente se tende –e daquela xorde o castelanismo– ben como sistema que se evita ata a substitución de elementos comúns a ámbalas dúas linguas por formas exclusivas do galego, mesmo se estas son inventadas ou recreadas.

Non imos cuestionar aquí a validez dos métodos didácticos empregados para conseguir a asimilación do estándar do galego no ámbito das aulas de lingua. Consideraremos, de xeito un tanto arbitrario, que os obxectivos da aprendizaxe escolar resultan cumpridos, é dicir, que o proceso resulta exitoso e que, ó remate dos ciclos educativos obrigatorios, a competencia do alumno no chamado *galego común* é suficiente ou mesmo destacada. Este resultado podería ser cualificado como un éxito, con relacións ás finalidades escolares básicas, se non fose porque a posta en marcha da reforma educativa suscitou un forte debate nas diversas áreas de lingua acerca da necesidade de formular novos obxectivos máis en consonancia coas finalidades globais e os presupostos teóricos da

³ En realidade, neste tipo de rexistros prodúcese máis ben unha primacía da eficacia comunicativa sobre a corrección lingüística, como sinalan Argente & Lorenzo (1991: 96).

⁴ Tal é a denominación que se utiliza como título para o traballo de Graña (1993).

actividade escolar tal e como se concibe na actualidade. O desenvolvemento desta cuestión, aínda que de xeito esquemático, supera os nosos obxectivos no presente traballo⁵. Abonde, a modo de resumo, as seguintes consideracións tomadas de Silva-Valdivia (1994: 151):

“Con enfoques máis ou menos matizados, cóincídese en que non se pode confundir gramática con lingua, que o obxecto da aprendizaxe nos niveis de ensino obrigatorio ten que ser o uso lingüístico, que este uso é necesariamente variado e diverso e como tal debe ser analizado e valorado, que o criterio de corrección debe ser completado co de adecuación, que a oralidade e a comunicación icónico-verbal deben ter un protagonismo importante na aprendizaxe lingüística escolar, etc.”.

En suma, propónse como obxectivo prioritario da clase de lingua a consecución dunha competencia lingüística plural e a reflexión sobre a propia actuación comunicativa do alumno, en todo o seu polimorfismo e con todos os elementos –verbais e non verbais– que a conforman. Para os nosos intereses no presente traballo, o aspecto máis remarcable destas novas propostas consiste en que necesariamente os docentes terán que converter en obxectivo da súa actividade escolar a reflexión e análise da actividade lingüística real e espontánea, en situacións diversas daquelas que provocan o emprego do estándar. E nestes ámbitos de funcionamento da lingua son patentes dous aspectos: a coexistencia, mesmo a fusión, en unidades de discurso moi pequenas, de galego e castelán, e a interpenetración mutua dos dous sistemas ata dar paso ó fenómeno coñecido xenericamente co nome de interferencia. O método de traballo máis propio na actualidade do ámbito escolar, consistente na corrección de textos artificialmente elaborados e nos que se mesturan desviacións de todo tipo que nunca, ou moi excepcionalmente, confluirían nunha mensaxe real, debe de ser modificado, ou polo menos complementado, coa observación, en palabras de Silva-Valdivia (1994: 171), do “uso lingüístico cotián”, especialmente daqueles comportamentos “máis próximos ó propio alumno” (p. 172). A observación e crítica da realidade lingüística precisa, cremos, dun novo modelo que dea conta das interferencias que efectivamente se producen, e non daquelas que de xeito un tanto arbitrario introduce o profesor nese produto de validez exclusivamente escolar que é o “texto para corrixir”.

⁵ Como texto común que orienta sobre cales son as novas premisas e obxectivos nas diversas áreas de lingua, consideramos de interese o traballo de Lomas et al. (1993), no que ademais se pode atopar bibliografía sobre os documentos legais rectores da reforma. Para a área de lingua galega resulta de manexo indispensable López Valcárcel (1993, en especial cap. 6, “Novos enfoques no estudio da lingua”, 44-56).

3. A descrición tradicional das interferencias do castelán sobre o galego

A constatación, tanto puramente especulativa como con orientacións didácticas, de que a situación de contacto de linguas en Galicia produce efectos sobre a actuación lingüística dos falantes, non é en absoluto nova. Mesmo estes, colocados en situación de xulgar a súa propia actividade lingüística, tenden a criticala como non axustada ás regras de corrección –que en moitas ocasións ignoran– pola incrustación nela de material alleo procedente do castelán. Sen embargo, o consenso acerca de qué trazos presentes na conversa en galego son debidos á influencia do castelán dista moito de ser pleno: en xeral, as posturas fluctúan entre os que consideran que todo fenómeno evolutivo do galego a partir dos Séculos Escuros ten a súa orixe no castelán e aqueloutros que defenden a posibilidade dunha evolución lingüística diverxente da lingua irmá e común coa da lingua colonizadora⁶. A pesar deste feito, existe un grupo de fenómenos de indubidable orixe foránea, recollidos por todos aqueles que se ocupan da cuestión, e que podemos atopar compendiados, a modo de exemplo, en Graña (1993). Consideramos que este traballo é paradigmático tanto na maneira tradicional de tratar o tema da interferencia como nos seus obxectivos finais, vinculados fundamentalmente á depuración do estándar no ámbito escolar, ben coñecido polo autor e ó que o libro vai dirixido. Nel, as interferencias do castelán sobre o galego inventaríanse organizadamente en función dos distintos compoñentes da descrición lingüística: fonético, morfosintáctico e léxico, ós que se engade, pola súa especial relevancia, o ámbito ortográfico. Dentro de cada un destes compartimentos, ofrécese unha relación de posibles influencias.

Esta perspectiva de traballo non permite obter unha información implícita tamén para a maior parte dos falantes dado que forma parte do seu comportamento lingüístico real, pero quizais non conscientemente asumida: a diferenza entre aquelas interferencias que varreron por completo –polo menos na lingua oral– a forma galega correspondente, e aqueloutras que se presentan no discurso dos falantes en alternancia coa forma xenuinamente galega e mesmo con formas intermedias. Trátase da diferenza, en terminoloxía de Haugen (1956: 40) entre

⁶ A falta de consenso acerca dun inventario pechado de posibles influencias conséntase con claridade, por exemplo, nas diverxencias que se detectan entre as principais gramáticas da lingua moderna no tratamento de diversos fenómenos, atribuíbles á presión do castelán para uns, perfectamente lexítimos ou incluíbles sen máis na descrición do sistema para outros. Por exemplificar con datos coñecidos para nós, en Silva Domínguez (1995) expónse a diversidade de criterios das gramáticas acerca da orixe da estrutura *dianta miña/dianta meu*. Quizais sexa o campo da sintaxe aquel no que se pode sinalar un número elevado de estruturas dúbidasas en canto á súa galegitude: ¿ten o castelán responsabilidade na extensión da preposición *a* como marca de complemento directo [+ humano] no galego? ¿débase á influencia deste sistema lingüístico a moderna decadencia dunha das posibles ordenacións dos clíticos con perífrases verbais, en casos do tipo de *teño que o facer*, *hei de volo dicir*, e outras semellantes?

integración e interferencia, ou, para Silva-Valdivia (1991: 31), entre *interferencia na lingua* e *interferencia na fala*. Volveremos sobre esta cuestión máis adiante⁷.

O traballo de Graña (1993) non dá conta, ademais, de que o comportamento lingüístico real de calquera falante non é totalmente monolítico e uniforme entre unha intervención e outra en canto ás súas escollas fonéticas, morfolóxicas e sintácticas: xeralmente, un mesmo individuo ten á súa disposición tanto a forma xenuinamente galega como unha multiplicidade de híbridos ata chegar á propia do castelán, que emprega en ocasións azarosamente, pero outras non de xeito inxenuo, senón en función tanto de factores externos –tema, situación comunicativa, interlocutores, finalidade da intervención– como internos –grao de atención, cansazo, etc. A variación individual no comportamento lingüístico non escapa, sen embargo, á posibilidade de xeneralización. Así o entende Regueira (1994: 40), quen detecta un padrón estable de comportamento para certos falantes:

“É posible observar que algúns galego falantes naturais, mesmo individuos preocupados pola corrección lingüística, en certas situacións incómodas para manter un discurso en galego (interlocutores que se manteñen insistentemente en castelán ou que pertencen a estratos sociais e culturais elevados) optan por mante-la lingua, pero suprimen aqueles aspectos sentidos como máis vulgares: omisión da geada, entoación máis semellante á do castelán, pronuncia máis pechada das vocais medias abertas [...] introducción de elementos caracterizadores das variedades urbanas máis prestixiosas (conxunción *i* por *e*), etc.”.

Este fenómeno é tamén sinalado por Silva-Valdivia (1994: 169), quen non esconde a valoración negativa que lle merece:

“Abonda, por exemplo, con observar criticamente o uso lingüístico de certos falantes cultos e cunha sólida competencia na lingua galega para comprobar como aparecen frecuentes castelanismos léxicos e fonéticos cando a interacción se desenvolve en contextos familiares e cun ton informal. Este tipo de falantes poderán dicir con toda naturalidade ‘calle’, ‘cerveza’, ‘acera’ ou ‘cuchara’ en lugar de *rúa*, *cervexa*, *beirarrúa* ou *culler* cando falan nun contexto coloquial con amigos e familiares, non por descoñecemento das formas galegas correspondentes, senón por circunstancias ligadas á situación de comunicación e á deturpación habitual que sofre o galego nestes contextos”.

Ademais da constatación de que o fenómeno da interferencia dista moito de ser un comportamento lingüístico estable nos distintos falantes e máis ben ten unha manifestación porcentual, parece claro que o modelo de Graña (1993) non proporciona información acerca do coñecemento, posuído por boa parte dos galego falantes, sobre qué tipo de fenómenos de interferencia, e en qué proporción, presenta unha relación clara con factores como o tipo de adquisición da lingua, a frecuencia de uso da mesma, a actividade socioeconómica, etc. En

⁷ No apartado 4.1.1. do traballo.

función do seu comportamento lingüístico, a maior parte dos falantes son capaces de debuxar un retrato robot do seu interlocutor, o cal é esperable se temos en conta a afirmación do gramático portugués Fernão Nunes segundo a cal *cada um fala como quem é*⁸. Sen embargo, engadiríamos nós, cómpre non perder de vista os factores individuais que alteran a relación entre os elementos contextuais e os trazos que caracterizan o discurso dun falante, dado que ás veces encontrámonos máis ben con que *cada un fala coma quen lle gustaría ser; coma quen cre ser ou como foi no pasado*. En calquera caso, entra tamén na competencia típica de boa parte dos galego falantes a posibilidade de facer deducións, xeralmente exactas, acerca das características sociais doutros falantes a través da súa actividade lingüística, e as interferencias eríxense en marcadores de importancia para a formulación de tales deducións. No traballo de Graña (1994) só de xeito excepcional aparecen observacións relativas a estas cuestións, como cando fala da non oposición entre vocais da serie media na lingua dalgúns falantes:

“É esta unha realidade case exclusivamente manifesta naqueles individuos neofalantes que tiveron no castelán, desde sempre, a súa lingua de instalación” (Graña, 1993: 39).

O sinalamento deste conxunto de ausencias no traballo de Graña (1993) non supón, en absoluto, unha invalidación da súa utilidade, senón máis ben un intento de clarificación da mesma. En efecto, consideramos que a elaboración dun inventario de interferencias resulta de máxima utilidade á hora de xulgar un texto como ben construído segundo o padrón normativo, pero desde logo non esgota o traballo que necesariamente se ha de facer para dar conta do uso alternado, superposto ou motivado dos dous códigos por parte dos bilingües. Non todo o relativo ás interferencias está no mesmo, aínda que si unha compilación moi válida de posibles sectores lingüísticos de risco. A esta habería que engadir, para contar con materiais válidos e axeitados ós novos obxectivos da clase de lingua, as categorías que permitan dar conta do funcionamento real da mesma. Algunhas pautas sobre esta cuestión están recollidas no apartado seguinte do traballo.

4. Algunhas ideas para unha nova descrición do fenómeno da *interferencia*

Neste apartado, intentaremos dar cabida a algúns dos conceptos que se elaboraron para dar conta da competencia bilingüe e examinar a súa aplicabilidade e validez como elementos que completan, tanto desde unha perspectiva teórica como na práctica, a visión máis usual do fenómeno. Tamén engadiremos, aínda que de xeito máis conciso, certas ideas propias e alleas

⁸ Tomo a cita de Kabatek (1994: 13).

que coidamos poden resultar de utilidade á hora de vertermos os nosos coñecementos teóricos na realidade do traballo nas aulas. Esta é, cremos, a cuestión fundamental, e presenta, na nosa opinión, unha dobre cara: por unha banda, a elaboración dun modelo de competencia comunicativa que inclúa aquelas categorías conceptuais que se revelen máis útiles para explicar o comportamento lingüístico dos falantes; pola outra, a reflexión acerca dos procedementos con que conta a escola para intervir exitosamente no comportamento lingüístico dos cidadáns.

4.1. A clasificación das interferencias

4.1.1. Interferencia vs. integración, interferencia na fala vs. interferencia na lingua

A multiplicidade de facetas que amosa un fenómeno tan amplo como o do contacto lingüístico explica tamén a diversidade de etiquetas empregadas no seu estudio. Con todo, probablemente unha das ideas que tivo unha maior repercusión foi a proposta de Haugen (1956: 40) de distinguir entre *interference*, “the overlapping of two languages” e *integration*, “the regular use of material from one language in another, so that there is no longer either switching or overlapping, except in an historical sense”. Con posterioridade, Mackey (1976: 397) establece a correspondencia de cada un destes dous termos coa dicotomía saussureana *langue/parole*:

“Il faut distinguer la description de l’interference de l’analyse de l’emprunt linguistique. La première est du domaine de la parole; la seconde du domaine de la langue. L’une est personnelle et contingente; l’autre es collective et systématique. Dans l’emprunt linguistique, nous avons affaire à l’integration dans le système. On utilise les éléments d’une langue comme s’ils faisaient partie de l’autre”.

No noso ámbito de traballo, Silva-Valdivia (1991: 31) adopta esta visión das cousas e fala de *interferencias na lingua*, “fenómenos xa integrados no sistema receptor” e *interferencias na fala*, “fenómenos non integrados nin aceptados pola norma da lingua interferida”. Nesta adaptación dos termos atopamos unha novidade: a mención á realidade *norma*, non probablemente na súa interpretación coseriana como “realización colectiva do sistema” (Coseriu, 1969) senón máis ben no sentido tradicional de “descrición prescritiva da lingua”⁹. Esta matización supón un cambio de importancia, cremos. Por exemplo, na

⁹ Álvarez (1994: 19) aborda da seguinte maneira a oposición existente entre gramática prescritiva e descritiva: “As regras que definen a lingua considerada correcta polo gramático ou por un sentir colectivo forxado por tradicións culturais e ideolóxicas de diverso tipo. A gramática prescritiva supón, por tanto, un encausamento previo da gramática dunha lingua e, metodoloxicamente, a preexistencia da gramática descritiva. As outras variantes lingüísticas existentes segundo a gramática descritiva, pero non “autorizadas” pola gramática normativa, considéranse coloquiais, vulgares, dialectais ou espurias, impropias do nivel culto estándar”.

interpretación de Mackey o fenómeno do préstamo pode manifestarse a través de elementos non coincidentes en variedades diversas da lingua. O autor exemplifica cos dialectos do francés, e afirma que:

“Si, par exemple, des mots d’emprunt sont intégrés au français de Suisse, ils ne font pas pour autant nécessairement partie du français de Belgique; les emprunts de Belgique ne sont pas nécessairement ceux du Canada, et au Canada les emprunts qui ont cours en Acadie ne sont pas nécessairement les mêmes que ceux du français de Québec” (1976: 397).

Silva-Valdivia, polo contrario, insiste no carácter unitario da norma e no seu funcionamento como pauta máxima para a distinción entre interferencias na lingua e na fala:

“No caso galego, habería que insistir de xeito especial neste criterio de aceptación ou non aceptación pola norma académica, porque o grao de deturpación en que se atopa o noso idioma –mesmo en falantes que poderíamos considerar habitualmente monolingües– non nos debe impedir excluír castelanismos evidentes (“pueblo”, “jueves”, “árbol”, “duda”...) por moito que sexan formas bastante comúns entre os galego falantes. A súa consideración como fenómenos insertos no sistema da lingua atendendo simplemente a razóns de xeneralización sería o primeiro paso para entendelos como préstamos e, en boa lóxica, para lexitalalos con posterioridade” (1991: 31).

Esta visión das cousas sen dúbida simplifica grandemente o traballo escolar, pero quizais non explique demasiado acerca do funcionamento real do fenómeno que pretende describir. Centrándonos na interferencia léxica, ámbito ó que a distinción parece claramente enfocada, a aceptación da mesma supoñería, cremos, ignorar o feito de que na lingua dunha boa parte dos galego falantes –tal vez da maioría– existe un elevado número de préstamos do castelán que varreron a forma galega correspondente e que funcionan hoxe como a única dispoñible dentro do seu inventario léxico para a expresión de determinados conceptos. Sen embargo, aínda que este sector de poboación diga “pueblo” ou “jueves” unicamente, e polo tanto debamos considerar estas unidades como casos de interferencias na lingua ou integracións, isto non implica, cremos, unha negación das posibilidades que ten un proceso de intervención para a modificación destes elementos léxicos e a reinstauración da forma orixinal. En realidade, a proposta de Silva-Valdivia remite a unha visión estática da realidade *lingua*, que se contempla como un obxecto en si mesmo, pechado a toda modificación, en tanto que a fala é imprevisible, heteroxénea e esencialmente móbil. Desde hai xa tempo, a lingüística vén negando a validez desta visión das cousas, pois é un feito innegable que a lingua cambia. E a proba témola naquel sector social que presentaba antes este tipo de lexemas como única forma posible dentro do seu inventario léxico, e que na actualidade incorporou, ben como unidade exclusiva ben en alternativa co préstamo, a palabra patrimonial restituída. O inventario léxico dunha lingua constitúese nunha realidade aberta na súa esencia,

que permite a modificación constante das unidades que o compoñen, en consonancia con fenómenos culturais e sociais tales como a moda, o prestixio, as influencias mutuas entre comunidades, etc.

Ademais, de aceptarmos a proposta de Silva-Valdivia, a categoría *interferencia na lingua* practicamente deixa de ser operativa pola forte restricción que se opera dentro do seu ámbito de acción; paralelamente, o concepto de *interferencia na fala* amplía os seus límites para dar cabida tanto a aqueles fenómenos que se producen esporadicamente na conversa por confusión debida á copresencia dos dous códigos, como a comportamentos máis estables, nos que a forma autóctona desapareceu practicamente por presión da súa competidora. Se esta é a visión correcta, quizais sería útil a introducción dunha nova categoría, a de *interferencia na norma* —entendendo este termo no sentido coseriano—, que abranguerá aqueles comportamentos proscritos pola normativa da lingua pero pertinazmente estables na actividade lingüística dunha boa parte da poboación. Sen embargo, probablemente o máis práctico sería desbotar o emprego das categorías saussureanas neste ámbito do traballo lingüístico.

4.1.2. Interferencias e competencia comunicativa

Hoxe sabemos que aprender a falar non é só adquirir un certo dominio para a construción de estruturas correctas e gramaticais nunha lingua, senón ademais, e quizais fundamentalmente, asimilar as pautas que rexen a relación destas estruturas con elementos situacionais tanto internos —a propia ubicación do individuo na sociedade cada momento— como externos —os interlocutores, o tema, a situación comunicativa. Este complexo de saberes constitúe o que Hymes (1971) denomina *competencia comunicativa*. Un elemento fundamental desta competencia é, no caso galego, a constatación de que o prestixio lingüístico segue sendo unha característica que se asocia cos trazos propios do castelán. Esta circunstancia determinou mesmo a propia fisonomía do estándar actual, que non primou os trazos explicitamente galegos en diversos ámbitos da estrutura da lingua¹⁰.

Sería posible, como afirmabamos previamente, establecer unha clasificación das interferencias en función do tipo de falante que pode presentar con maior facilidade, e con maior vigor porcentual, diferentes formas do fenómeno. Nesta clasificación habería que ter en conta factores tales como a lingua inicial e a lingua dominante do falante, a súa idade, o tipo

¹⁰ Para o concepto de prestixio como motor da actividade lingüística do individuo en situacións de certa tensión comunicativa, e mesmo como motor do cambio lingüístico, vide Labov (1972). Para a configuración do estándar do galego en relación co do castelán, vide Alonso (1990).

de adquisición do galego que presentou, etc. Tamén é factible, e esta é a posibilidade que imos desenvolver minimamente, ter en conta as distintas situacións comunicativas que propician a aparición do fenómeno, das cales sinalamos dúas, aínda que probablemente a tipoloxía sexa máis ampla:

a) na chamada “conversa cotiá”, e na actividade lingüística espontánea, xeralmente oral, o falante pode sentir a interferencia –especialmente de tipo léxico– como lícita, e mesmo en ocasións como preferible á forma galega correspondente, polo “desexo de establecer unha identificación afectiva cun interlocutor non iniciado nos segredos do galego culto” (González Seoane, 1994: 98). En condicións normais, nesta situación as interferencias gramaticais non se perciben como especialmente apropiadas, dada a situación de familiaridade entre os falantes, requisito imprescindible para que aflore este tipo de comportamento lingüístico.

b) En intercambios lingüísticos bilingües, nos que un ou máis dun interlocutor se manteñen no castelán, xeralmente por razóns ideolóxicas aínda que tamén ás veces por descoñecemento do código, o galego falante pode tentar aproximar o máximo posible a súa intervención lingüística ós trazos característicos daquela lingua¹¹, ata provocar a aparición da interferencia. Xeralmente trátase de conversas entre interlocutores que non teñen unha gran confianza mutua, e prodúcense en contextos que presentan un certo grao de formalidade. O emprego deste tipo de recursos xoga un papel similar, cremos, ó daqueloutros procedementos que en ocasións utilizan os castelán falantes en parellas situacións: presenza do dativo de solidariedade, aparición do diamorfo¹² *-iño*, etc. Nestes casos, o galego falante experimenta a presión engadida que supón o seu descoñecemento acerca de cal vai ser a reacción do(s) interlocutor(es) diante da súa renuncia ó cambio de código, e polo tanto a utilización de trazos comúns co castelán ou mesmo exclusivos desta lingua pode chegar a sentirse como un recurso para conseguir unha mellor aceptación do seu comportamento lingüístico nun medio que *a priori* se considera hostil.

Dáse a circunstancia paradoxal de que os falantes nos que máis dificilmente detectaremos comportamentos como os de a) son os máis novos e os que non teñen o galego como lingua materna, tanto se o empregan en exclusiva coma se non. A explicación para este feito vén, de novo, da man do concepto de *competencia comunicativa*: só un falante que por razóns diversas non interiorizou as regras de funcionamento do código e os trazos característicos da variedade máis axeitada a cada momento pode cometer transgresións desta

¹¹ A intercomprensión é así facilmente posible debido á proximidade lingüística entre ambos, e ademais o discurso do galego falante deixa de aparecer como “excesivamente marcado” ó seu propio xuízo.

índole. Neste sentido, para un falante consciente pero que si coñece os principios que rexen a actividade lingüística no nivel social, a presión psicolóxica que leva aparelada a súa ruptura pode ser aínda maior. Isto explica, cremos, a forte desinhibición de que fan gala certos neofalantes, ós que afortunadamente non lles foi transmitido un saber lingüístico negador da autenticidade como valor.

O tipo de comportamento lingüístico descrito en b) pode producirse mesmo sen intervención consciente do falante, aínda que en ocasións este si realiza un proceso de escolla de formas no que desbota as máis marcadas, traducido en moitos casos nun *tempo* máis lento no proceso de construción da mensaxe. Aínda que é só unha intuición, queremos apuntar aquí o noso convencemento de que a análise deste tipo de comportamentos pode atopar algunha luz nos traballos desenvolvidos pola lingüística contemporánea acerca dos *pidgin* e dos crioulos. A situación de partida é moi similar á que dá lugar a este tipo de sistemas: pluralidade de individuos, imposibilidade de cambio de código –no noso caso por razóns ideolóxicas– e existencia dunha necesidade comunicativa. Na simplificación que o galego falante opera sobre o seu comportamento lingüístico podemos detectar, alén das interferencias, elementos característicos deste tipo de sistemas lingüísticos, como a redución da complexidade das estruturas sintácticas, a eliminación –sempre que sexa posible– de elementos de enlace, etc.

Nos dous tipos de fenómenos que vimos de comentar pártese da idea base de que o individuo que os manifesta ten unha competencia suficiente no manexo do código, pero tamén é posible detectar casos de interferencias en falantes non expertos, que descoñecen os lindeiros exactos do sistema lingüístico que tentan utilizar. As interferencias que podemos detectar neste caso prodúcense en tódolos puntos en que a gramática do galego e a do castelán presentan diferencias, e tamén é posible o intercambio léxico. Trátase dun fenómeno ben coñecido e común a múltiples circunstancias de aprendizaxe dunha lingua segunda. Os teóricos de tales procesos¹² saben ben que cando o individuo carece dunha motivación suficiente na adquisición, ou simplemente o falante non exercita a competencia que vén de adquirir, a súa interlingua deixa de progresar cara á lingua meta e por tanto enquistanse constantes erros debidos á presenza da lingua fonte. Os casos, tan coñecidos na actividade escolar, de ineficacia dos métodos propostos polo profesor para a eliminación dos erros máis

¹² O termo aparece en Weinreich (1979), aínda que o tomo de Baetens Beardsmore (1986: 69).

¹³ En Gass (1989) estúdanse os factores que determinan o éxito no proceso de adquisición dunha segunda lingua, e en especial a importancia da motivación como motor do mesmo.

frecuentes, explícanse xeralmente en función dos factores que acabamos de enumerar, todos eles internos ó alumno. Esta circunstancia é aínda máis pertinente nunha situación de adquisición do galego, debido á non obrigatoriedade e á gratuidade con que en moitas ocasións o alumno sente o seu esforzo. Se a sociedade incentívase dun xeito máis decidido a adquisición da lingua, de seguro a progresión dos alumnos na adquisición sería moito maior.

4.1.3. *Code-switching*, cambio de código, alternancia lingüística

O estudio das circunstancias que provocan no individuo a modificación consciente do seu comportamento lingüístico para deixar de situarse nun determinado código e pasar ó outro é tamén un clásico dentro da sociolingüística moderna. Dous aspectos son os máis explorados: por unha banda, a determinación dos puntos concretos do discurso en que potencialmente é posible o cambio de código (Poplack, 1980); por outra, a descrición das circunstancias comunicativas que propician ou provocan este comportamento por parte do falante. Outro punto problemático pode ser a diferenciación entre este fenómeno e o das interferencias tal e como as examinamos no apartado 4.1.2. Na práctica parece funcionar o criterio da extensión, de tal xeito que a presenza dun elemento léxico alleo será considerada como interferencia, en tanto que un fragmento de discurso maior pasa a ser interpretado como *code-switching*.

Contamos con algúns traballos, dentro da lingüística galega, ocupados da descrición deste fenómeno. A súa dimensión finalística é explorada por Argente & Lorenzo (1991), que empregan para o mesmo a denominación *alternancia lingüística*. Silva-Valdivia (1994) distingue, pola súa banda, entre *cambio de código*,

“aquelas conductas lingüísticas nas que un falante abandona a súa lingua de instalación e se sitúa noutra para resolver unha circunstancia comunicativa determinada” (p. 158).

e *alternancia de códigos*,

“a presenza consciente das dúas linguas dentro dun mesmo enunciado ou acto comunicativo, coa particularidade, ademais, de que a coexistencia de elementos das dúas linguas non se produce por dificultades do falante para deslindar os dous códigos en presenza, senón como procedemento expresivo intencional para buscar un efecto comunicativo determinado” (p. 161).

O propio autor recoñece a dificultade que existe en manter diferenciados estes dous fenómenos, e, engadiríamos nós, para individualizar o segundo deles con respecto ó da interferencia. O carácter finalístico –cambiar de código para algo– aparece presente nas dúas situacións, dado que ningunha das dúas encontra a súa xustificación na falta de competencia comunicativa do falante nun dos sistemas. O cambio de código pode producirse tamén sen

que isto implique unha ruptura do enunciado previo, sempre que se respecten certas regras, como a non ruptura de estruturas sintácticas unitarias en cada un dos sistemas¹⁴. Cremos, por tanto, innecesaria a duplicidade terminolóxica, e quizais máis conveniente a existencia dunha proposta terminolóxica unitaria, que podería ser a escollida por Silva-Valdivia (1991; 1994), *alternancia de código*.

4.2. A intervención da escola nos hábitos e comportamentos lingüísticos da sociedade

Neste apartado queremos ofrecer só unhas mínimas reflexións acerca da actividade escolar como motor do cambio lingüístico individual e social. Calquera persoa non excesivamente escéptica podería cuestionarse se o presente apartado é algo máis que un desexo, unha intención positiva pero escasamente realista. En calquera caso, expoñeremos moi brevemente no mesmo algunhas ideas acerca da posible utilidade da categorización dos fenómenos de interferencia que acabamos de debuxar.

A vía para a introducción destes fenómenos lingüísticos no traballo na aula aparece xa perfectamente sinalada en Silva-Valdivia (1994: 172-173): exame e comentario de secuencias reais ou próximas ás reais, con intervencións que ademais reflictan usos comunicativos coñecidos polos rapaces, contextualizados no seu medio vital. Con rapaces xa maiores, engadiríamos nós, parece factible a simulación de todo un abano de situacións que provoquen intervencións comunicativas “de alto risco”, para amosar uns diversos factores que interveñen nos fenómenos descritos na bibliografía. O exame e comentario dos factores sexo, idade, posición social, etc., sobre o comportamento lingüístico do falante podería, así mesmo, ser de moita utilidade.

Na actividade escolar, ademais de exposición e análise de realidades existe tamén un compoñente de crítica para a modificación das mesmas. As actividades deben transmitir con claridade a desaprobación deste tipo de comportamentos lingüísticos, propios dunha situación

¹⁴ Para este autor, a valoración negativa do cambio de código corre parella á comprensión da alternancia como un procedemento exclusivo da competencia bilingüe e que permite facer presentes nun mesmo fragmento dous mundos connotativamente diferenciados. Casos paradigmáticos de alternancia serían, por exemplo, os anuncios que empregan as dúas linguas como modo de apreixar estes dous universos semánticos. Neste sentido, o fenómeno da *alternancia de códigos* enfócase de xeito positivo, como unha habilidade suplementaria que se debe transmitir, e quizais consolidar, a través da escola. Sen embargo, moitos destes casos implican unha minorización na representación mental do galego fronte ó castelán. Así nos anuncios analizados polo autor, *Ternera Gallega* (1991: 33) e *Estrella de Galicia* (1994: 162), vemos que estas empresas rexeitan a posibilidade de empregar unha marca en galego aínda que en moitos casos o seu ámbito comercial sexa primariamente a nosa comunidade autónoma e a súa publicidade apareza na T.V.G. Cremos, por tanto, que a alternancia de códigos é un fenómeno rexeitable desde a perspectiva da escola, se queremos que esta non transmita os esquemas da diglosia funcional, da mesma maneira que o son os casos de cambio de código ou calquera outro fenómeno no que subxaza unha desvalorización da imaxe e das posibilidades da nosa lingua.

de minorización que caracteriza a lingua galega e que se pretende superar. A pureza da lingua, a exaltación dos seus trazos característicos e tradicionais, ten que ser un valor transmitido a través da escola e diametralmente oposto a todos estes comportamentos deturpadores. Cumprirá, pois, poñer en evidencia as circunstancias socioeconómicas que presionan para que se interpreten os elementos máis caracteristicamente galegos como marcadores non de prestixio, senón precisamente de todo o contrario. Só coa transmisión dunha visión unitaria de todos os fenómenos relacionados co contacto de linguas en Galicia poderemos desmontar, cremos, os lugares comúns que non permiten que a nosa comunidade lingüística se desenvolva con normalidade.

Bibliografía

- Alonso Montero, X. (1990), “Do estado da lingua: algunhas cuestións”, *Grial* 107, 275-93.
- Álvarez, R. (1994), “Gramática prescritiva e gramática descritiva”, *Cadernos de lingua* 10, 19-35.
- Argente Giralt, J.A., A.M. Lorenzo Suárez (1991), “A relevancia social da alternancia lingüística”, *Cadernos de lingua* 3, 91-109.
- Baetens Beardsmore, H. (1986), *Bilingualism: Basic principles*, Clevedon, Multilingual Matters.
- Coseriu, E. (1969), “Sistema, norma y habla”, en E. Coseriu, *Teoría del lenguaje y lingüística general*, Madrid, Gredos, 11-113.
- Gass, S., C. Madden, D. Prestion, L. Selinker (eds.), *Variation in second language acquisition. II: Psycholinguistic issues*, Clevedon, Multilingual Matters.
- Gimeno, F. (1981), “Dimensiones del multilingüismo”, *Revista Española de Lingüística* 11/2, 341-73.
- González Seoane, E. (1994), “Variedade e empobrecemento do léxico”, *Cadernos de lingua* 10, 89-102.
- Graña Núñez, X. (1993), *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*, Vigo, Ir Indo.
- Gumperz, J. (1971), “The speech community”, in J. Gumperz (ed.), *Language in Social Groups*, Stanford, Stanford University Press, 114-28.
- Haugen, E. (1956), *Bilingualism in the Americas*, Alabama, American Dialect Society.
- Hymes, D.H. (1971), “On Communicative Competence”, in J.B. Pride, J. Holmes (eds.), *Sociolinguistics*, Harmondsworth, Penguin, 269-93.
- Kabatek, J. (1994), “Variedades lingüísticas e competencia comunicativa”, *Cadernos de lingua* 10, 7-18.
- Labov, W. (1972), *Sociolinguistic patterns*, Philadelphia, University of Pennsylvania Press.
- Lomas, C., et al. (1993), *Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua*, Barcelona, Paidós.

- López Valcárcel, X.M. (coord.) (1994), *Lingua galega. Marco curricular. Fundamentos previos*, Santiago, Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- Mackey, W.F. (1976), *Bilinguisme et contact des langues*, París, Klincksieck.
- Poplack, S. (1980), "Sometimes I'll start a sentence in Spanish Y TERMINO EN ESPAÑOL: toward a typology of code-switching", *Linguistics* 18, 581-61.
- Selinker, L. (1972), "Interlanguage", in J.C. Richards (ed.) (1974), *Error analysis. Perspectives on second language acquisition*, London, Longman, 64-91.
- Silva-Corvalán, C. (1988), *Sociolingüística. Teoría y análisis*, Madrid, Alhambra.
- Silva Domínguez, C. (1995), "As estruturas adverbiais do tipo de *diante miña*", *Cadernos de lingua* 11, 5-21.
- Silva Valdivia, B. (1991), "Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia. Algunhas consideracións", *Cadernos de lingua* 4, 27-38.
- (1994), "Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: unha perspectiva didáctica sociocomunicativa", in B. Silva-Valdivia (ed.), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago, I.C.E., 151-76.
- Weinreich, U. (1979), *Languages in contact. Findings and problems* (2ª edición), Mouton, The Hague.